

Teatro para ler que recrea os mundos reais e imaxinarios de Valle-Inclán

A actriz e directora teatral Fátima Rey publica o texto dramático onde revive as horas derradeiras do gran dramaturgo.

FICHA TÉCNICA: 82 pp . 14 x 21 cms.
ISBN 978-84-16460-50-2 PVP: 12,50 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, OUTONO DE 2018.- Don Ramón del Valle-Inclán agoniza nunha das habitacións do sanatorio de Villar Iglesias en Santiago de Compostela. É o 5 de xaneiro de 1936. Nestas horas derradeiras xorden diante da súa figura protagonistas da súa vida –familia e amigos– mais tamén personaxes das súas obras. Todos eles dialogan nun mundo mesturado de vida real e ficción.

Velaquí o inicio desta peza teatral que é así mesmo pura literatura. Son as *Memorias da árbore da noite triste*, publicadas este outono por Alvarellos Editora, que fan referencia a unha árbore real, baixo a que Hernán Cortés chorou a súa derrota ante o pobo indíxena mexicano. Un antepasado de Valle morrera naquela batalla.

Este último acto de don Ramón, escrito pola actriz e directora teatral Fátima Rey, destila dinamismo, forza nos diálogos e sabia recreación de ambientes. E penetra, dun xeito novo, na vida e obra dun dos máis grandes creadores das letras hispanas. A compañía Tatana Teatro porá en escena esta obra, que percorrerá os

escenarios da provincia de Pontevedra desde o 28 de outubro de 2018.

FÁTIMA ISABEL REY BLANCO (Cambados, 1983) é actriz, directora e profesora de teatro. Cursou a carreira de Arte Dramático en Madrid e regresou ao país para desenvolver en Galicia a súa profesión.

A súa labor docente e divulgativa foi moi intensa dende os seus inicios artísticos, espallada por centros educativos, asociacións de pais e nais, e colaborando con diversas entidades e institucións.

Foi directora da Escola de Teatro Valle-Innova (Fundación Valle-Inclán), directora da Escola de Teatro Municipal de Catoira (Úrsula Teatro) e da Semana do Teatro da Romaría Vikinga do mesmo concello. E creou a súa propia compañía teatral, Tatana Teatro.

Este é o seu primeiro libro, logo de anos de achegamento á escrita e á vida e obra de Valle-Inclán, e despois de centos de actuacións no mundo do teatro.

Para contactar coa autora:
fatyrb@hotmail.com - 609 58 30 36.

